



Concello de Betanzos
Praza de Galicia, nº 1, 15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011
Fax; 981 776 529

web: www.betanzos.net
sede electrónica:
<https://sede.betanzos.gal> e-mail:

BASES DO CONCURSO “III EDICIÓN DA SEMANA DA TORTILLA DE BETANZOS, MELLOR TORTILLA CASEIRA”

1. O evento que a continuación se regula forma parte da XIV Semana da Tortilla de Betanzos e é a terceira edición do concurso “Mellor tortilla caseira de Betanzos”.
2. Poderán participar no concurso todas as persoas empadroadas en Betanzos maiores de 18 anos. A participación será a título individual e está prohibida a participación de cociñeiros e cociñeiras profesionais.
3. O prazo de inscrición terá lugar entre os días 30 de setembro e 9 de outubro. A inscrición realizarase de forma presencial na Oficina de Turismo de Betanzos en horario de 10:00 h a 14:00 horas (agás os domingos) ou a través do enderezo electrónico comunicacion@betanzos.net enviando os datos persoais da persoa participante (nome, DNI, enderezo e teléfono).
4. Os ingredientes que se deben utilizar na elaboración da tortilla serán exclusivamente patacas, aceite, ovos e sal.
5. A persoa gañadora da “Mellor tortilla caseira de Betanzos” escollerase do seguinte xeito:
 - As persoas participantes acudirán o día 12 de outubro ás 12:00 horas ao Salón azul do Edificio Arquivo cunha tortilla enteira que teña como mínimo de **18 cms de diámetro**.
 - No momento da entrega asignarase un número a cada unha das tortillas participantes segundo a orde de chegada.
 - Deberán acompañar a tortilla cun sobre branco e cerrado, e no interior figurará o nome e apelidos da persoa concursante e o teléfono. No exterior do sobre a organización anotará o número asignado a cada tortilla. A persoa participante levará unha copia do número da súa tortilla.
 - O xurado estará composto por persoas designadas pola organización. Catará e puntuará de 1 a 5 cada tortilla sen coñecer a quen pertence cada unha delas. A suma da puntuación dos membros do xurado dará lugar á tortilla gañadora, á segunda e á terceira clasificada. O xurado cualificará as tortillas con base a criterios de imparcialidade, obxectividade e plena igualdade das persoas participantes, e valorará, dentro deses criterios de obxectividade, que a tortilla reúna as características propias da tortilla de Betanzos e que sexa unha tortilla zumenta e elaborada exclusivamente con patacas, ovos, aceite e sal. O fallo do xurado será inapelable.
 - Haberá tres premios:
 - 1.º premio: “Mellor tortilla caseira 2024”. Un trofeo conmemorativo e un lote de produtos do patrocinador e do Concello.



Concello de Betanzos

Praza de Galicia, nº 1, 15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011

Fax; 981 776 529

web: www.betanzos.net

<https://sede.betanzos.gal> e-mail:

correo@betanzos.net

- 2.º premio. Un lote de produtos do patrocinador e do Concello.
- 3.º premio. Un lote de produtos do patrocinador e do Concello.
6. Calquera situación non prevista nestas bases será resolta polo xurado, que poderá adoptar as decisións que estime oportunas para o bo desenvolvemento do concurso. A organización do concurso resérvase o dereito de facer modificacións ou tomar iniciativas non reguladas nas presentes bases, sempre que estas contribúan ao maior éxito da convocatoria. As persoas que participan no certame aceptan as presentes bases e renuncian a calquera reclamación legal.
7. Para os efectos previstos no artigo 45.1.a. da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, a publicación da presente convocatoria realizarase na web e nas redes sociais do Concello de Betanzos.
8. O tratamento dos datos de carácter persoal facilitados polas persoas participantes ten como finalidade tramitar e xestionar a solicitude para participar no III Concurso de Tortilla de Betanzos. Todos os datos de carácter persoal recollidos son necesarios para a organización do concurso de tal forma que a negativa para facilitalos impedirá a participación neste. Os datos persoais conservaranse durante o tempo necesario para cumprir coa finalidade para a que se solicitaron e para determinar as posibles responsabilidades que se puidesen derivar da devandita finalidade e do tratamento dos datos. Será de aplicación o disposto na normativa de arquivos e documentación que lle afecte ao Concello.